

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2023



CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS
INFORME SOBRE A SITUACIÓN SOCIOLABORAL DE GALICIA. 2022

— CAPÍTULO 4 —

POBOACIÓN E MERCADO DE TRABALLO



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

EDITA: Consello Galego de Relacións
Laborais (CGRL)
Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
Santiago de Compostela

ISSN: 2386-2866

MARÍA BASTIDA DOMÍNGUEZ

PROFESORA CONTRATADA DOUTORA NO DEPARTAMENTO
DE ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS E COMERCIALIZACIÓN
NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SANTIAGO LAGO PEÑAS

CATEDRÁTICO DE ECONOMÍA APLICADA E DIRECTOR DO
GRUPO DE INVESTIGACIÓN GEN DA UNIVERSIDADE E VIGO

ALBERTO VAQUERO GARCÍA

PROFESOR TITULAR DE ECONOMÍA APLICADA E MEMBRO
DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN GEN DA UNIVERSIDADE E VIGO

MARTA PUEBLA VILARIÑO

XEFA DE SECCIÓN DE PRESTACIÓNS DA DIRECCIÓN PROVINCIAL
DO SEPE DA CORUÑA



4.1. A POBOACIÓ GALEGA

4.1.1. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓ

- CADRO 4.1. POBOACIÓ DAS 5 COMUNIDADES AUTÓNOAS DE MÁIS HABITANTES. 2001/2011-2023
- CADRO 4.2. EVOLUCIÓN ANUAL DA POBOACIÓ. POR PROVINCIAS. 2001/2011-2023
- CADRO 4.3. SERIE HISTÓRICA DE POBOACIÓ SEGUNDO GRUPOS QUINQUENAIS DE IDADE. GALICIA. 2001-2023
- CADRO 4.4. POBOACIÓ SEGUNDO COMARCAS. GALICIA. 2001, 2011-2023

4.1.2. A POBOACIÓ ESTRANXEIRA

- CADRO 4.5. POBOACIÓ ESTRANXEIRA SEGUNDO SEXO. GALICIA. 2001, 2011-2023
- CADRO 4.6. POBOACIÓ ESTRANXEIRA. POR PROVINCIAS. 2023

4.1.3. MOVEMENTOS NATURAIS DE POBOACIÓ

- CADRO 4.7. NACEMENTOS, MORTES E CRECEMENTO NATURAL. GALICIA, ESPAÑA. 2022
- CADRO 4.8. MOVEMENTOS NATURAIS DE POBOACIÓ. GALICIA. 2001/2011-2022
- CADRO 4.9. SERIE HISTÓRICA. TAXA BRUTA DE NATALIDADE. GALICIA. 2001/2011-2022
- CADRO 4.10. SERIE HISTÓRICA. TAXA BRUTA DE MORTALIDADE. GALICIA. 2001/2011-2022
- CADRO 4.11. SALDO VEXETATIVO⁽¹⁾ POR 1.000 HABITANTES. GALICIA, ESPAÑA, UE. 2001/2011-2022

4.1.4. MOVEMENTOS MIGRATORIOS

- CADRO 4.12. EMIGRACIÓ. INMIGRACIÓNS E SALDO MIGRATORIO. GALICIA. 2001/2011-2022

4.2. RESUMO DAS PRINCIPAIS VARIABLES LABORAIS

- CADRO 4.13. POBOACIÓ DE 16 E MÁIS ANOS, POR ACTIVIDADE ECONÓMICA. GALICIA. 2001/2011-2023
- CADRO 4.14. BALANCE DO MERCADO DE TRABALLO. GALICIA, ESPAÑA E UE. 2015-2023

4.3. POBOACIÓ ACTIVA E TAXA DE ACTIVIDADE

4.3.1. POBOACIÓ ACTIVA

- CADRO 4.15. POBOACIÓ ACTIVA POR COMUNIDADES AUTÓNOAS. 2015-2023

4.3.2. TAXA DE ACTIVIDADE

- CADRO 4.16. TAXAS DE ACTIVIDADE DA POBOACIÓ. POR COMUNIDADES AUTÓNOAS. 2015-2023
- CADRO 4.17. TAXA DE ACTIVIDADE. POR COMUNIDADES AUTÓNOAS E SEXO. 2015-2023

4.4. POBOACIÓ OCUPADA. TAXA DE OCUPACIÓ

4.4.1. POBOACIÓ OCUPADA

- CADRO 4.18. POBOACIÓ OCUPADA. POR COMUNIDADES AUTÓNOAS. 2015-2023

4.4.2. TAXA DE OCUPACIÓ

- CADRO 4.19. TAXAS DE OCUPACIÓ. POR COMUNIDADES AUTÓNOAS. 2015-2023
- CADRO 4.20. TAXAS DE EMPREGO. POR COMUNIDADES AUTÓNOAS E SEXOS. 2015-2023
- CADRO 4.21. TAXAS DE OCUPACIÓ DA POBOACIÓ 15-64 ANOS. ESPAÑA/UE. 2001/2011-2023
- CADRO 4.22. TAXAS DE OCUPACIÓ DAS SETE MAIORES CIDADES DE GALICIA. 2015-2023

- CADRO 4.23. TAXA DE OCUPACIÓ. POR SEXO E PROVINCIA. 2015-2023

4.4.3. DISTRIBUCIÓ DA POBOACIÓ OCUPADA POR SEXOS, SECTORES ECONÓMICOS, GRUPO DE IDADE, SITUACIÓNS PROFESIONAIS E TIPO DE CONTRATO

- CADRO 4.24. POBOACIÓ OCUPADA POR SECTOR ECONÓMICO. GALICIA. 2015-2023
- CADRO 4.25. DISTRIBUCIÓ PORCENTUAL DA POBOACIÓ OCUPADA POR SECTORES ECONÓMICOS. GALICIA/ESPAÑA. 2023
- CADRO 4.26. POBOACIÓ OCUPADA POR SITUACIÓ PROFESIONAL. GALICIA. 2015-2023
- CADRO 4.27. CONTRATACIÓ INDEFINIDA E TEMPORAL. GALICIA. 2015-2023
- CADRO 4.28. DURACIÓ DOS CONTRATOS TEMPORAIS. GALICIA. 2023
- CADRO 4.29. PERSOAL ASALARIADO POR TIPO DE XORNADA. GALICIA. 2015-2023
- CADRO 4.30. PERSOAL ASALARIADO. SECTOR PÚBLICO E PRIVADO. GALICIA. 2015-2023

4.5. POBOACIÓ DESEMPREGADA E TAXA DE PARO

4.5.1. POBOACIÓ DESEMPREGADA

- CADRO 4.31. POBOACIÓ DESEMPREGADA. POR COMUNIDADES AUTÓNOAS. GALICIA. 2015-2023

4.5.2. TAXA DE DESEMPREGO

- CADRO 4.32. TAXAS DE DESEMPREGO. POR COMUNIDADES AUTÓNOAS. GALICIA. 2015-2023
- CADRO 4.33. TAXA DE DESEMPREGO. POR COMUNIDADES AUTÓNOAS E SEXOS. 2015-2023
- CADRO 4.34. TAXAS DE DESEMPREGO DOS SETE MAIORES CONCELLOS DE GALICIA. 2015-2023
- CADRO 4.35. TAXA DE DESEMPREGO DE LONGA DURACIÓ. POR SEXO. GALICIA. 2015-2023

4.5.3. DESEMPREGO DOS FOGARES TEMPO NA PROCURA DE EMPREGO

- CADRO 4.36. DESEMPREGO NOS FOGARES. GALICIA. 2023
- CADRO 4.37. POBOACIÓ DESEMPREGADA QUE TRABALLOU ANTERIORMENTE. POR TEMPO DE BÚSQUEDA DE EMPREGO. GALICIA. 2015-2023

4.6. O PARO REXISTRADO

- CADRO 4.38. PARO REXISTRADO. POR COMUNIDADES AUTÓNOAS. 2023
- CADRO 4.39. EVOLUCIÓ DO PARO REXISTRADO. GALICIA. 2015-2023
- CADRO 4.40. PARO REXISTRADO. POR PROVINCIAS E IDADES. GALICIA. 2023
- CADRO 4.41. PARO REXISTRADO POR IDADES E SEXOS. GALICIA. 2023
- CADRO 4.42. PARO REXISTRADO. POR SECTORES. GALICIA. 2023
- CADRO 4.43. PARO REXISTRADO. POR NIVEL ACADÉMICO E PROVINCIAS. 2023

4.7. A POBOACIÓ INACTIVA

- CADRO 4.44. POBLACIÓ INACTIVA POR TIPO DE INACTIVIDADE. GALICIA-PROVINCIAS. 2015-2023
- CADRO 4.45. POBOACIÓ INACTIVA POR SITUACIÓ DE INACTIVIDADE E COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2023

- CADRO 4.46. POBOACIÓ INACTIVA POR CLASE PRINCIPAL DE INACTIVIDADE E COMUNIDADE AUTÓNOMA. PORCENTAXE RESPECTO DO TOTAL DE CADA COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2023

- CADRO 4.47. POBOACIÓ INACTIVA POR GRUPOS DE IDADE E COMUNIDADE AUTÓNOMA. PORCENTAXES RESPECTO DO TOTAL DE CADA COMUNIDADE AUTÓNOMA. 2023

4.8. O SUBSISTEMA DE FORMACIÓ PARA O EMPREGO

4.8.1. INTRODUCIÓ. ANTECEDENTES

4.8.2. REGULACIÓ ACTUAL DO SISTEMA DE FORMACIÓ PROFESIONAL PARA O EMPREGO

- 4.8.2.1. LEI 30/2015 DO 9 DE SETEMBRO, POLA QUE SE REGULA O SISTEMA DE FORMACIÓ PROFESIONAL PARA O EMPREGO NO ÁMBITO LABORAL
- 4.8.2.2. REAL DECRETO 694/2017, DO 3 DE XULLO, POLO QUE SE DESENVOLVE A LEI 30/2015, DO 9 DE SETEMBRO, POLA QUE SE REGULA O SISTEMA DE FORMACIÓ PROFESIONAL PARA O EMPREGO NO ÁMBITO LABORAL
- 4.8.2.3. REAL DECRETO-LEI 36/2020 POLO QUE SE APROBAN AS MEDIDAS URXENTES PARA A MODERNIZACIÓ DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E A EXECUCIÓ DO PLAN DE RECUPERACIÓ, TRANSFORMACIÓ E RESILIENCIA.

4.8.3. FORMACIÓ DE DEMANDA

- CADRO 4.48. FORMACIÓ DE DEMANDA. EVOLUCIÓ DOS PRINCIPAIS INDICADORES. ÁMBITO ESTATAL. 2019-2023
- CADRO 4.49. FORMACIÓ DE DEMANDA. EVOLUCIÓ DE LOS PRINCIPAIS INDICADORES. GALICIA. 2019-2023
- CADRO 4.50. FORMACIÓ DE DEMANDA. DISTRIBUCIÓ SECTORIAL DAS HORAS DE FORMACIÓ. GALICIA/ESPAÑA. 2020-2023
- CADRO 4.51. FORMACIÓ DE DEMANDA. PRINCIPAIS INDICADORES POR PROVINCIAS. GALICIA 2023
- CADRO 4.52. FORMACIÓ DE DEMANDA. PERFIL DAS PERSOAS FORMADAS POR IDADE. GALICIA 2023
- CADRO 4.53. FORMACIÓ DE DEMANDA. PERFIL DAS PERSOAS FORMADAS POR NIVEL DE ESTUDOS. GALICIA 2023
- CADRO 4.54. FORMACIÓ DE DEMANDA. PERFIL DAS PERSOAS FORMADAS POR TAMAÑO DA EMPRESA E SECTOR DE ACTIVIDADE. GALICIA 2023
- CADRO 4.55. FORMACIÓ DE DEMANDA. PERSOAS FORMADAS SEGUNDO TIPOLOXÍA DE FORMACIÓ. GALICIA 2021-2023
- CADRO 4.56. FORMACIÓ DE DEMANDA. PERSOAS FORMADAS SEGUNDO FAMILIA PROFESIONAL. GALICIA 2023

4.8.4. FORMACIÓ DE OFERTA

4.8.4.1. OFERTA FORMATIVA PARA PERSOAS OCUPADAS:

- CADRO 4.57. FORMACIÓ SUBVENCIONADA. INDICACIÓNS GLOBAIS. GALICIA/ESPAÑA. 2023
- CADRO 4.58. FORMACIÓ SUBVENCIONADA. INDICACIÓNS GLOBAIS POR MODALIDADE E NIVEL DE ESTUDOS E SEXO. GALICIA/ESPAÑA. 2023

4.8.4.2. OFERTA FORMATIVA PARA PERSOAS DESEMPREGADAS

4.8.5. OUTRAS INICIATIVAS DE FORMACIÓN

4.8.5.1. PERMISOS INDIVIDUAIS DE FORMACIÓN (PIF)

CADRO 4.59. PERMISOS INDIVIDUAIS DE FORMACIÓN. PARTICIPANTES E HORAS DE PERMISO. GALICIA/ESPAÑA. 2023

4.8.5.2. FORMACIÓN EN ALTERNANCIA CO EMPREGO

CAPÍTULO 4. POBOACIÓN E MERCADO DE TRABALLO

4.1. A POBOACIÓN GALEGA

4.1.1. Evolución da poboación

En 2023 a poboación en Galicia aumentou en 6.599 persoas, ata chegar aos 2.699.424 habitantes (2.692.825 persoas en 2022). No **cadro 4.1** recóllese a evolución demográfica das cinco CC.AA. máis poboadas, cunha dobre perspectiva temporal: a un prazo máis longo, tomando como referencia 2001, e nos últimos 13 anos (2011-2023). En 2023, Andalucía, Cataluña, Madrid e Comunidade Valenciana, por esta orde, concentran 28.574.208 habitantes, un 59,4% da poboación española.

No cadro salienta o contraste entre a suba da poboación española entre 2001 e 2023 (7.419.816 habitantes, un 18,2%) e o pequeno aumento da poboación galega, 1.399 habitantes (0,1%). No que atinxe ao período 2011-2023, a poboación galega diminuíu en 73.991 persoas (-2,7%).

CADRO 4.1. POBOACIÓN DAS 5 COMUNIDADES AUTÓNOMAS DE MÁIS HABITANTES.
2001/2011-2023

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	7.323.031	8.332.087	8.377.809	8.387.986	8.381.239	8.388.994	8.392.046	8.394.017	8.396.464	8.412.222	8.461.039	8.484.804	8.511.167	8.584.147
Cataluña	6.314.849	7.493.252	7.514.992	7.488.664	7.432.833	7.420.890	7.440.692	7.480.778	7.539.364	7.624.625	7.720.323	7.749.896	7.761.823	7.901.963
Madrid	5.379.087	6.394.239	6.425.573	6.411.525	6.372.553	6.375.737	6.411.466	6.459.297	6.529.923	6.618.078	6.720.310	6.726.640	6.743.254	6.871.903
C. Valenciana	4.135.183	4.999.211	5.009.647	4.988.365	4.960.213	4.945.092	4.939.888	4.943.821	4.958.584	4.989.308	5.046.482	5.067.911	5.108.116	5.216.195
Galicia	2.698.025	2.773.415	2.771.916	2.760.720	2.745.817	2.732.801	2.719.095	2.708.955	2.703.048	2.700.210	2.702.605	2.698.177	2.692.825	2.699.424
España	40.665.545	46.667.175	46.818.216	46.712.650	46.495.744	46.425.722	46.418.884	46.497.393	46.645.070	46.918.951	47.318.050	47.400.798	47.486.727	48.085.361

Fonte: INE, a 1 de xaneiro de cada ano.

A desagregación provincial recóllese no **cadro 4.2**. Salienta o seguinte:

- En 2023 A Coruña e Pontevedra seguen a concentrar máis de dous millóns de habitantes (2.070.594), un 76,7% do total da poboación en Galicia.
- Se ben o devalar demográfico en Galicia é evidente, sobre todo nas provincias de Ourense e Lugo, cunha perda de poboación dende 2011 ata 2023 de 25.456 e 25.258 persoas, respectivamente. Malia esta tendencia de descenso poboacional, entre 2022 e 2023, Ourense gañou 340 habitantes e Lugo 27.

CADRO 4.2. EVOLUCIÓN ANUAL DA POBOACIÓN.
POR PROVINCIAS. 2001/2011-2023

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
A Coruña	1.095.881	1.140.069	1.141.178	1.137.890	1.132.596	1.127.596	1.123.015	1.120.302	1.120.074	1.120.432	1.121.994	1.120.501	1.119.164	1.123.884
Lugo	359.818	349.525	347.629	344.603	341.495	338.430	335.752	333.152	331.128	329.070	327.573	326.068	324.240	324.267
Ourense	339.681	330.019	328.188	325.140	321.472	318.288	314.476	311.385	309.290	307.764	306.825	305.297	304.223	304.563
Pontevedra	902.645	953.802	954.921	953.087	950.254	948.487	945.852	944.116	942.556	942.944	946.213	946.311	945.198	946.710

Fonte: INE, a 1 de xaneiro de cada ano.

O **cadro 4.3** amosa a desagregación por grupos de idade a longo prazo. Os datos reflicten con claridade o notable avellentamento demográfico de Galicia ao comparar a situación entre 2001 e 2023, xa que o grupo de idade de 85 ou máis anos multiplica por 2,22 o valor de 2001.

Así, o grupo de idade de 85 ou máis anos multiplica por 2,22 o valor de 2001, pasando de 62.837 a 139.233 persoas en 2023. Obsérvase unha diminución notable nos grupos de idade máis novos: o de 0-4 anos pasou de 93.594 en 2001 a 79.893 en 2023, e o grupo de 5-9 anos reduciuse de 105.119 a 103.782 no mesmo período, algo indicativo dunha baixa taxa de natalidade. Pola súa banda, a poboación das franxas de idade intermedias tamén experimentou variacións, cunha tendencia xeral ao descenso dende 2001. Por último, cómpre salientar que os grupos de idade de 60-84 anos tamén experimentaron un incremento significativo, destacando o envellecemento progresivo da poboación galega.

CADRO 4.3. SERIE HISTÓRICA DE POBOACIÓN SEGUNDO GRUPOS QUINQUENAIS DE IDADE.
GALICIA. 2001-2023

	2001	2006	2014	2019	2020	2021	2022	2023
0-4	93.594	103.716	107.857	94.978	91.856	87.982	83.444	79.893
5-9	105.119	98.513	113.457	109.807	107.866	105.924	104.499	103.782
10-14	126.065	109.671	106.633	115.032	116.864	117.380	117.466	118.213
15-19	166.204	130.641	104.715	108.746	111.024	112.306	114.324	117.565
20-24	213.597	169.871	124.053	107.907	108.478	109.784	111.173	113.662
25-29	210.965	217.213	146.622	124.490	122.230	119.747	117.289	116.518
30-34	201.386	215.370	193.149	145.308	140.861	136.899	133.872	132.912
35-39	192.982	207.372	228.086	191.365	182.412	173.257	163.926	158.433
40-44	189.714	197.626	216.618	226.785	225.488	221.332	214.390	207.233
45-49	171.193	192.760	208.677	215.016	218.060	222.198	226.044	229.051
50-54	171.108	172.649	198.278	206.773	209.443	211.542	213.570	215.969
55-59	158.809	171.235	182.777	195.104	197.004	197.548	199.677	203.610
60-64	141.256	158.141	168.401	179.237	183.388	187.957	190.617	192.581
65-69	167.010	138.842	165.992	164.098	163.877	165.617	169.714	172.563
70-74	140.368	158.009	133.395	157.631	159.394	157.643	155.890	158.267
75-79	110.629	125.273	130.709	121.843	130.639	134.692	139.742	142.326
80-84	75.190	88.776	113.221	109.820	101.983	100.452	97.123	97.613
85 e máis	62.837	74.421	103.177	126.270	131.738	135.917	140.065	139.233
Total	2.698.025	2.730.097	2.745.817	2.700.210	2.702.605	2.698.177	2.692.825	2.699.424

Fonte: INE, a 1 de xaneiro de cada ano.

O **cadro 4.4** amosa a evolución da distribución da poboación galega por comarcas, no que subliñamos as doce demarcacións que a 1 de xaneiro de 2023 teñen máis de 50.000 habitantes. A partir da comparación respecto ao ano 2001, salienta o seguinte:

- Nas provincias de Lugo e Ourense, tan só a comarca da capital de provincia medrou, namentres na Coruña aumentou en dúas (A Coruña e Santiago de Compostela) e en Pontevedra en seis (Vigo, Pontevedra, Baixo Miño, o Condado, O Morrazo e O Salnés).
- Ferrol é a única das comarcas das sete principais cidades galegas que reduciu o seu número de habitantes, cunha diminución de 12.046 persoas entre 2001 e 2023.
- En varias das comarcas galegas (Terras de Caldelas, A Fonsagrada, Terra de Trives, Os Ancares, A Baixa Limia, A Paradanta, Ortegal, Viana, Quiroga, Chantada, Terra de Celanova e O Ribeiro) a poboación caeu máis dun 25% entre 2001 e 2023; e entre un 20%-25% en Meira, Terra de Soneira, Muros, A Limia, Xallas, Tabeirós-Terra de Montes, A Ulloa, e Terra Chá).
- Finalmente, indicar que no período 2015-2023, só en dez das 53 comarcas galegas subiu a poboación: Ourense, O Morrazo, Lugo, Vigo, O Salnés, Pontevedra, O Baixo Miño, O Condado, A Coruña e Santiago.

CADRO 4.4 EN PÁXINAS SEGUINTE >

CADRO 4.4. POBOACIÓN SEGUNDO COMARCAS.
GALICIA. 2001, 2011-2023

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Arzúa	19.184	17.364	17.226	17.057	16.909	16.828	16.678
Barbanza	66.323	68.311	68.336	68.199	67.776	67.331	66.940
A Barcala	11.800	11.179	11.046	10.940	10.763	10.634	10.556
Bergantiños	70.815	70.209	69.834	69.438	68.928	68.428	67.890
Betanzos	39.142	39.632	39.419	39.065	38.768	38.452	38.079
A Coruña	358.302	396.864	398.025	398.412	397.254	396.728	397.520
Eume	28.842	26.391	26.124	25.539	25.490	25.184	25.000
Ferrol	162.261	162.531	161.541	160.666	159.422	158.029	156.159
Fisterra	25.175	23.677	23.136	22.747	22.461	22.255	22.000
Muros	15.971	14.399	14.042	13.785	13.493	13.244	13.004
Noia	37.292	35.623	35.269	34.775	34.459	34.062	33.758
Ordes	38.193	38.683	38.411	38.153	37.687	37.313	36.960
Ortegal	16.923	14.347	13.772	13.166	12.942	12.990	12.776
Santiago	146.555	163.576	164.519	164.621	165.083	165.361	165.887
O Sar	17.718	16.814	16.730	16.459	16.373	16.235	16.091
Terra de Melide	14.820	13.137	12.679	12.379	12.533	12.371	12.238
Terra de Soneira	21.694	19.426	19.168	18.706	18.386	17.943	17.620
Xallas	16.992	14.961	14.634	14.054	14.008	13.808	13.643

	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Arzúa	16.500	16.351	16.241	16.138	16.041	15.835	15.685
Barbanza	66.672	66.405	66.095	66.063	66.089	66.112	66.095
A Barcala	10.424	10.382	10.277	10.203	10.164	10.144	10.233
Bergantiños	67.357	67.173	66.927	66.840	66.791	66.641	66.440
Betanzos	37.975	38.011	38.083	38.309	38.581	39.013	39.129
A Coruña	398.730	400.995	403.386	406.873	405.925	406.044	410.413
Eume	24.834	24.639	24.360	24.223	24.228	23.967	23.710
Ferrol	154.802	153.581	152.494	151.822	151.395	150.655	150.215
Fisterra	21.770	21.631	21.483	21.368	21.379	21.364	21.310
Muros	12.852	12.726	12.513	12.326	12.253	12.210	12.066
Noia	33.527	33.312	33.054	32.839	32.780	32.611	32.467
Ordes	36.702	36.583	36.456	36.237	36.203	36.136	36.200
Ortegal	12.531	12.238	11.978	11.814	11.632	11.466	11.523
Santiago	166.692	167.142	168.601	169.571	169.620	170.237	171.274
O Sar	15.922	15.741	15.664	15.621	15.520	15.469	15.411
Terra de Melide	12.153	12.003	11.872	11.800	11.835	11.803	11.877
Terra de Soneira	17.360	17.041	16.801	16.565	16.533	16.347	16.299
Xallas	13.491	13.397	13.311	13.203	13.165	13.126	13.079

Fonte: INE, a 1 de xaneiro de cada ano.

CADRO 4.4. POBOACIÓN SEGUNDO COMARCAS.
GALICIA. 2001, 2011-2023

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Os Ancares	14.238	11.612	11.330	11.153	10.951	10.719	10.474
Chantada	17.118	14.835	14.536	14.287	14.055	13.876	13.639
A Fonsagrada	7.461	6.043	5.859	5.696	5.563	5.432	5.316
Lugo	112.895	120.548	120.737	120.802	120.320	119.579	119.394
A Mariña Central	30.457	30.530	30.323	30.106	29.860	29.542	29.373
A Mariña Occidental	28.020	27.238	27.140	26.964	26.729	26.370	26.122
A Mariña Oriental	17.479	17.231	17.126	16.893	16.741	16.598	16.477
Meira	6.706	5.698	5.638	5.552	5.447	5.425	5.335
Quiroga	7.245	6.020	5.813	5.721	5.618	5.514	5.406
Sarria	26.427	24.511	24.170	23.914	23.720	23.466	23.194
Terra Chá	48.801	44.081	43.573	42.912	42.336	41.860	41.290
Terra de Lemos	36.089	33.133	32.813	32.333	31.876	31.530	31.132
A Ulloa	11.189	10.050	9.844	9.672	9.532	9.475	9.375
Allariz-Maceda	15.633	15.151	15.060	14.835	14.637	14.466	14.268
Baixa Limia	9.925	8.421	8.212	7.930	7.636	7.409	7.126
O Carballiño	30.074	29.240	28.891	28.588	27.979	27.512	27.108
A Limia	25.218	23.252	22.823	22.391	21.964	21.525	21.111
Ourense	143.142	146.165	146.135	146.190	145.563	144.810	144.372
O Ribeiro	20.546	18.861	18.369	17.808	17.195	16.817	16.547
Terra de Caldelas	4.647	3.544	3.443	3.314	3.223	3.141	3.064
Terra de Celanova	22.894	20.623	20.057	19.324	18.749	18.367	17.960
Terra de Trives	5.963	4.789	4.660	4.507	4.430	4.348	4.227
Valdeorras	29.126	27.999	27.724	27.369	27.000	26.762	26.531
Verín	29.450	28.410	28.261	27.968	27.555	27.081	26.556
Viana	8.005	6.802	6.622	6.500	6.362	6.153	5.983
	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Os Ancares	14.238	11.612	11.330	11.153	10.951	10.719	10.474
Chantada	17.118	14.835	14.536	14.287	14.055	13.876	13.639
A Fonsagrada	7.461	6.043	5.859	5.696	5.563	5.432	5.316
Lugo	112.895	120.548	120.737	120.802	120.320	119.579	119.394
A Mariña Central	30.457	30.530	30.323	30.106	29.860	29.542	29.373
A Mariña Occidental	28.020	27.238	27.140	26.964	26.729	26.370	26.122
A Mariña Oriental	17.479	17.231	17.126	16.893	16.741	16.598	16.477
Meira	6.706	5.698	5.638	5.552	5.447	5.425	5.335
Quiroga	7.245	6.020	5.813	5.721	5.618	5.514	5.406
Sarria	26.427	24.511	24.170	23.914	23.720	23.466	23.194
Terra Chá	48.801	44.081	43.573	42.912	42.336	41.860	41.290
Terra de Lemos	36.089	33.133	32.813	32.333	31.876	31.530	31.132
A Ulloa	11.189	10.050	9.844	9.672	9.532	9.475	9.375
Allariz-Maceda	15.633	15.151	15.060	14.835	14.637	14.466	14.268
Baixa Limia	9.925	8.421	8.212	7.930	7.636	7.409	7.126
O Carballiño	30.074	29.240	28.891	28.588	27.979	27.512	27.108
A Limia	25.218	23.252	22.823	22.391	21.964	21.525	21.111
Ourense	143.142	146.165	146.135	146.190	145.563	144.810	144.372
O Ribeiro	20.546	18.861	18.369	17.808	17.195	16.817	16.547
Terra de Caldelas	4.647	3.544	3.443	3.314	3.223	3.141	3.064
Terra de Celanova	22.894	20.623	20.057	19.324	18.749	18.367	17.960
Terra de Trives	5.963	4.789	4.660	4.507	4.430	4.348	4.227
Valdeorras	29.126	27.999	27.724	27.369	27.000	26.762	26.531
Verín	29.450	28.410	28.261	27.968	27.555	27.081	26.556
Viana	8.005	6.802	6.622	6.500	6.362	6.153	5.983

Fonte: INE, a 1 de xaneiro de cada ano.

CONTINUÍA EN PÁXINA SEGUINTE >

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016
O Baixo Miño	45.949	51.116	51.096	50.630	50.402	50.282	49.998
Caldas	35.397	35.322	35.154	34.958	34.757	34.623	34.456
O Condado	37.998	43.318	42.917	42.790	42.286	41.992	41.828
Deza	47.314	44.355	42.630	41.849	41.412	40.792	40.471
O Morrazo	79.817	83.669	83.313	83.340	83.613	83.347	83.109
A Paradanta	18.118	15.970	14.000	13.497	13.226	12.945	12.663
Pontevedra	115.571	124.356	124.075	124.132	124.094	123.639	123.583
O Salnés	104.184	111.849	111.541	111.089	110.534	110.422	109.937
Tabeirós-Terra de Montes	29.588	28.100	27.489	27.149	26.753	26.536	26.293
Vigo	402.240	425.456	426.213	425.616	423.842	422.796	422.008
	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
O Baixo Miño	49.828	49.646	49.464	50.252	50.599	50.697	50.696
Caldas	34.197	34.067	33.837	33.701	33.577	33.380	33.207
O Condado	41.693	41.551	41.621	41.780	41.829	42.002	42.314
Deza	40.310	40.063	40.014	40.046	39.787	39.721	39.771
O Morrazo	82.711	82.445	82.269	82.226	82.439	82.318	82.241
A Paradanta	12.531	12.259	12.168	12.060	12.130	12.154	12.141
Pontevedra	125.278	125.032	125.120	125.280	125.367	125.237	124.916
O Salnés	109.882	109.715	109.540	109.570	110.076	110.255	110.306
Tabeirós-Terra de Montes	24.223	24.112	23.867	23.659	23.529	23.300	23.267
Vigo	422.078	422.882	424.765	426.834	424.942	423.951	425.386

Fonte: INE, a 1 de xaneiro de cada ano.

4.1.2. A poboación estranxeira

A chegada de poboación do estranxeiro nos últimos anos do século XX e principios do século XXI foi moi importante no conxunto de España, pero non tanto en Galicia. Nesta comunidade, o máximo da serie alcánzase en 2023 (139.306), o que supón un incremento de 37.616 persoas respecto a 2013.

O **cadro 4.5** permite observar:

- A suba continuada da poboación estranxeira feminina residente en Galicia, que comezou na última década do século XX, continuou na primeira década do século XXI. Entre 2014 e 2015 baixa lixeiramente, despois entre o 2015 e 2016 sube e continúa con esta tendencia ata a actualidade, primeiro timidamente e despois con forza. En 2023, residen 72.633 mulleres estranxeiras, 22.138 máis que en 2013.
- A evolución da poboación estranxeira masculina residente en Galicia caracterízase polo mesmo patrón de comportamento. Como lle pasou ás mulleres, en 2013 a cifra comeza a diminuír, pero cun importante aumento entre 2019-2023. En 2023, o número de estranxeiros varóns foi de 66.673, 15.478 máis que en 2013.

CADRO 4.5. POBOACIÓN ESTRANXEIRA SEGUNDO SEXO.
GALICIA. 2001, 2011-2023

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Homes	15.658	52.153	52.576	51.195	46.709	44.318	43.617	43.288	44.367	47.223	52.461	54.962	57.617	66.673
Mulleres	17.400	50.987	51.208	50.495	45.316	42.929	42.821	42.789	45.711	49.571	56.147	59.064	61.557	72.633
Total	33.058	103.141	103.785	101.690	92.025	87.247	86.438	86.077	90.078	96.794	108.608	114.026	119.174	139.306

Fonte: INE, a 1 de xaneiro de cada ano.

A desagregación por provincias e sexos da poboación estranxeira residente en Galicia a 1 de xaneiro de 2023 figura no **cadro 4.6**. A concentración deste colectivo é elevada: as provincias da Coruña e Pontevedra acollen 100.064 persoas (un 71,8% do total galego).

A análise amosa que a maior concentración de poboación estranxeira está nas provincias costeiras da Coruña e Pontevedra, que xuntas suman máis de 100,000 residentes estranxeiros. Por outra banda, Lugo e Ourense presentan cifras significativamente menores, indicando un menor atractivo para a poboación estranxeira. Cómpre sinalar tamén o equilibrio de xénero observado nas cifras, aínda que con lixeiras variacións entre provincias.

CADRO 4.6. POBOACIÓN ESTRANXEIRA. POR PROVINCIAS.
2023

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	25.942	29.194	55.136
Lugo	10.001	9.758	19.759
Ourense	9.317	10.166	19.483
Pontevedra	21.413	23.515	44.928

Fonte: INE, a 1 de xaneiro de cada ano.

4.1.3. Movementos naturais de poboación

Galicia rexistrou no 2022 un descenso absoluto da súa poboación (20.501 habitantes menos). No total estatal, houbo unha redución de 135.166 persoas. O **cadro 4.7** resume estes resultados. A perspectiva temporal dos movementos naturais da poboación galega aparece no **cadro 4.8** (2001 e 2011 ata 2022). Constatase unha diminución constante dos nacementos en Galicia neste período, ao tempo que aumentaron as defuncións, agravando o saldo natural negativo. Esta tendencia contribúe ao avellentamento da poboación galega e á diminución da poboación total.

CADRO 4.7. NACEMENTOS, MORTES E CRECEMENTO NATURAL.
GALICIA, ESPAÑA. 2022

	Nacementos	Mortes	Creceemento natural
Galicia	14.495	34.996	-20.501
España	329.251	464.417	-135.166

Fonte: INE, Movemento natural de poboación. Datos provisionais.

CADRO 4.8. MOVEMENTOS NATURAIS DE POBOACIÓN.
GALICIA. 2001/2011-2022

	Nacementos	Defuncións	Creceemento natural
2001	19.361	28.300	-8.939
2011	21.594	29.879	-8.285
2012	21.089	30.871	-9.782
2013	19.727	30.433	-10.706
2014	19.630	29.929	-10.299
2015	19.427	31.688	-12.261
2016	19.062	31.757	-12.695
2017	18.445	31.962	-13.517
2018	16.560	32.419	-15.859
2019	15.718	31.268	-15.550
2020	15.247	32.845	-17.610
2021	14.787	32.853	-18.066
2022	14.495	34.996	-20.501

Fonte: INE, Movemento natural da poboación.

Os **cadros 4.9** e **4.10** proporcionan unha visión clara da evolución das taxas brutas de natalidade e mortalidade en Galicia e nas súas provincias durante o período 2001-2022. A taxa de natalidade en Galicia diminúe de forma constante dende 2001, pasando de 7,2 nacementos por cada 1.000 habitantes en 2001 a 5,4 en 2022, poñendo de manifesto unha caída na natalidade xa comentada. Na análise por provincias, as maiores caídas prodúcense en Pontevedra (case 3 puntos no total do período) e A Coruña (case 2). A provincia de Lugo amosa unha tendencia máis estable, mentres que Ourense presenta unha das taxas de natalidade máis baixas, pasando de 5,3 en 2001 a 4,4 en 2022.

ÍNDICE

No que se refire á taxa de mortalidade, aumentou de 10,5 en 2001 a 13,0 en 2022. Os incrementos neste parámetro son similares nas catro provincias galegas, próximos a 3 puntos porcentuais no global do período. Malia esta evolución semellante, Lugo e Ourense teñen taxas de mortalidade superiores, indicando un maior avellentamento nestas provincias.

CADRO 4.9. SERIE HISTÓRICA. TAXA BRUTA DE NATALIDADE.
GALICIA. 2001/2011-2022

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
2001	7,3	5,3	5,3	8,5	7,2
2011	8,1	6,3	6,0	8,6	7,8
2012	7,9	6,5	5,9	8,3	7,6
2013	7,5	6,1	5,8	7,7	7,2
2014	7,3	6,3	5,8	7,8	7,2
2015	7,5	6,5	5,8	7,4	7,1
2016	7,4	6,3	5,7	7,2	7,0
2017	6,9	6,3	5,5	7,3	6,8
2018	6,4	6,0	4,8	6,4	6,1
2019	5,9	5,2	4,8	6,3	5,8
2020	5,8	5,1	4,8	6,0	5,7
2021	5,6	5,0	4,6	5,8	5,5
2022	5,5	5,4	4,4	5,6	5,4

Fonte: INE, Indicadores demográficos.

CADRO 4.10. SERIE HISTÓRICA. TAXA BRUTA DE MORTALIDADE.
GALICIA. 2001/2011-2022

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
2001	10,0	13,8	13,1	8,8	10,5
2011	10,3	13,8	14,1	9,1	10,8
2012	10,5	14,6	14,5	9,5	11,2
2013	10,7	14,4	14,1	9,3	11,1
2014	10,7	14,4	13,8	9,1	10,9
2015	11,2	15,2	14,8	9,8	11,6
2016	11,2	15,5	14,9	9,9	11,7
2017	11,3	15,6	15,2	10,0	11,8
2018	11,7	15,4	15,4	10,1	12,0
2019	11,1	14,6	15,4	9,9	11,6
2020	11,5	15,6	16,7	10,3	12,2
2021	11,9	15,4	15,4	10,4	12,2
2022	12,5	16,7	16,4	11,2	13,0

Fonte: INE, Indicadores demográficos.

O **cadro 4.11** resume o comportamento do saldo vexetativo por 1.000 habitantes para Galicia, España e a UE, tanto en 2001 como para o conxunto do período 2011-2022. Os datos do saldo vexetativo resaltan a grave situación demográfica de Galicia en comparación co conxunto de España e a UE27. Galicia presenta un saldo vexetativo consistentemente negativo, que se acentuou nos últimos anos, sinalando un envellecemento poboacional significativo e unha baixa taxa de nacementos. Os datos máis recentes, de 2022, en Galicia (-7,6 por cada 1.000 habitantes) contrastan coa redución do 2,8 por cada 1.000 habitantes de España ou a diminución de 2,9 por cada 1.000 habitantes da UE27.

CADRO 4.11. SALDO VEXETATIVO⁽¹⁾ POR 1.000 HABITANTES.
GALICIA, ESPAÑA, UE. 2001/2011-2022

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
UE (27)	0,4	0,3	-0,1	-0,3	0,0	-0,7	-0,3	-0,7	-1,0	-1,1	-2,5	-2,7	-2,9
España	1,2	1,8	1,1	0,8	0,7	0,0	0,0	-0,7	-1,2	-1,2	-3,2	-2,4	-2,8
Galicia	-3,3	-3,0	-3,7	-3,9	-3,8	-4,5	-4,7	-5,0	-5,9	-5,8	-6,5	-6,7	-7,6

⁽¹⁾ Nacementos menos defuncións.
Fonte: Eurostat.

4.1.4. Movementos migratorios

No **cadro 4.12** figura a evolución en 2001 e entre 2011-2022 das emigracións, inmigracións e saldo migratorio para Galicia. En 2022, Galicia experimentou un aumento significativo tanto nas emigracións externas como nas inmigracións externas en comparación co ano anterior. En 2022, houbo 32.697 persoas que emigraron de Galicia, o que representa un aumento notable respecto ás 26.702 persoas que emigraron en 2021. A maioría destas persoas optaron por trasladarse a outras comunidades autónomas de España (19.283 persoas). Por outra banda, o número de persoas que inmigraron a Galicia tamén experimentou un incremento considerable, pasando de 41.150 en 2021 a 59.948 en 2022. Desta cifra, 39.281 persoas viñeron do estranxeiro, o que demostra un fluxo migratorio internacional positivo.

En correspondencia, o saldo migratorio externo en 2022 foi positivo, con 25.867 persoas máis chegando a Galicia do estranxeiro do que marchando. Este é un aumento importante en comparación co saldo de 11.197 en 2021.O saldo migratorio co resto de España foi positivo, pero máis modesto (1.384 persoas), o que indica que aínda que máis persoas se trasladaron a outras comunidades autónomas, tamén houbo un número considerable de persoas que se trasladaron a Galicia dende outras partes de España.

CADRO 4.12. EMIGRACIÓN. INMIGRACIÓNS E SALDO MIGRATORIO.
GALICIA. 2001/2011-2022

	Emigración externa (*)	A outra comunidade	Ao estranxeiro	Inmigración externa	Doutra comunidade	Do estranxeiro	Saldo migratorio externo	Co resto de España	Co estranxeiro
2001	16.028	16.028	..	23.194	11.799	11.395	..	-4.229	..
2011	29.880	20.563	9.317	34.688	20.841	13.847	4.808	278	4.530
2012	29.441	19.551	9.890	30.687	20.365	10.322	1.246	814	432
2013	30.709	18.970	11.739	27.876	18.608	9.268	-2.833	-362	-2.471
2014	30.154	19.862	10.292	27.875	17.498	10.377	-2.279	-2.364	85
2015	30.707	19.993	10.714	29.933	17.839	12.094	-774	-2.154	1.380
2016	29.532	18.745	10.787	32.557	16.821	15.736	3.025	-1.924	4.949
2017	30.249	18.380	11.869	36.932	17.854	19.078	6.683	-526	7.209
2018	30.366	19.198	11.168	42.757	18.574	24.183	12.391	-624	13.015
2019	28.853	19.778	9.075	46.600	19.668	26.932	17.747	-110	17.857
2020	21.001	14.862	6.139	35.617	21.070	14.547	14.616	6.208	8.408
2021	26.702	18.180	8.522	41.150	21.431	19.719	14.448	3.251	11.197
2022	32.697	19.283	13.414	59.948	20.667	39.281	27.251	1.384	25.867

(*) A partir do ano 2006, na emigración ao estranxeiro inclúense as baixas por caducidade.
Fonte: INE, Estatística de variacións residenciais. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros porporcionados polo INE.

4.2. RESUMO DAS PRINCIPAIS VARIABLES LABORAIS

Os datos do **cadro 4.13** amosan os catro compoñentes en que adoita dividirse a poboación de 16 e máis anos, segundo a súa situación en 2001 e entre o período 2011-2023.

- En 2023, a poboación activa en Galicia sitúase en 1.250.000 persoas, mostrando un lixeiro aumento do 0,8% respecto a 2022. Porén, en comparación con 2011, houbo unha diminución do 5,1%, equivalente a 67.000 persoas menos activas.
- A poboación ocupada amosou unha tendencia de crecemento dende 2015, acadando en 2023 os 1.129.000 empregos. Este aumento é significativo, cun crecemento do 2,3% respecto ao ano anterior (2022).
- O número de persoas en paro estimadas pola EPA en 2023 é de 121.000, o que representa unha redución do 11,3% en comparación con 2022.
- A poboación inactiva en 2023 é de 1.109.000 persoas, mostrando unha lixeira diminución en comparación cos anos anteriores.

Polo tanto, os datos de 2023 amosan unha tendencia positiva no mercado laboral de Galicia. A poboación ocupada medrou por riba da activa (2,3% e 0,8%, respectivamente), mentres que o desemprego diminuíu notablemente. Aínda que a poboación activa experimentou unha diminución a longo prazo dende 2011, os recentes incrementos na ocupación e as reducións no paro suxiren unha mellora nas condicións laborais.

CADRO 4.13. POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS, POR ACTIVIDADE ECONÓMICA.
GALICIA. 2001/2011-2023

	2001	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Poboación activa	1.159	1.317	1.318	1.291	1.274	1.261	1.256	1.248	1.244	1.241	1.221	1.229	1.241	1.250
Poboación ocupada	1.031	1.089	1.047	1.006	998	1.017	1.041	1.053	1.078	1.095	1.074	1.087	1.104	1.129
Poboación parada	128	227	271	285	276	243	215	196	166	146	147	142	137	121
Poboación inactiva	1.171	1.087	1.078	1.091	1.095	1.098	1.094	1.094	1.091	1.094	1.118	1.116	1.109	1.109

Datos en miles. Medias anuais.
Fonte: INE, EPA. Elaboración polo IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.

A análise feita pódese inserir nun marco territorial estatal e europeo. O **cadro 4.14** posibilita este exercicio para o período 2015-2023. No conxunto da UE27, Eurostat estima que a poboación activa subiu dende o cuarto trimestre de 2015 ata o mesmo de 2023 en 11,6 millóns de persoas (5,6%); e no conxunto de España aumentou en 1,5 millóns de persoas (un 6,8% máis). Para o total da UE27, Eurostat estima que a poboación ocupada aumentou nese mesmo período en máis de 18,6 millóns de persoas, en España fíxoo en máis de 3,4 millóns. En Galicia o aumento da ocupación foi de 111.300 persoas.

A poboación desempregada na UE27 baixou en máis de 7,2 millóns de persoas no período sinalado; en España o descenso foi de 1,9 millóns. En Galicia o descenso foi de 122.000 persoas. Da comparación da evolución das taxas de crecemento entre 2022 e 2023 poden sinalarse os seguintes puntos:

- En 2023, a poboación activa en Galicia medrou o 0,8% respecto a 2022. Este incremento é menor en comparación co crecemento de España (3,2%) e lixeiramente inferior á media da UE27 (0,9%).
- O incremento da poboación ocupada en Galicia é positivo (2,3%) e superior á media da UE27 (1,0%). Porén, é inferior ao rexistrado en media estatal (4,5%).
- En 2023, o número de persoas desempregadas en Galicia reduciuse un 11,3% respecto a 2022. En España, a redución foi do 5,4%, mentres que na UE27 houbo un lixeiro aumento do 0,2%.

No seu conxunto, o mercado de traballo en Galicia mellorou no período 2015-2023. A poboación ocupada aumentou e o desemprego reduciuse de forma notable. Aínda que o crecemento da poboación activa é máis modesto que o rexistrado en España e a UE27, a redución do desemprego en Galicia entre 2022 e 2023 foi máis pronunciada.

CADRO 4.14. BALANCE DO MERCADO DE TRABALLO.
GALICIA, ESPAÑA E UE. 2015-2023

	2015			2016			2017		
	Galicia	España	UE27	Galicia	España	UE27	Galicia	España	UE27
Poboación activa	1.261	22.710	207.361	1.256	22.572	208.088	1.248	22.569	208.745
Poboación ocupada	1.017	17.906	186.968	1.041	18.327	188.807	1.053	18.807	192.246
Poboación desempregada	243	4.812	20.470	215	4.252	18.647	196	3.770	16.589
	2018			2019			2020		
	Galicia	España	UE27	Galicia	España	UE27	Galicia	España	UE27
Poboación activa	1.244	22.653	208.948	1.241	23.159	208.525	1.221	23.064	205.938
Poboación ocupada	1.078	19.333	193.991	1.095	19.967	194.343	1.074	19.344	190.303
Poboación desempregada	166	3.329	15.042	146	3.192	14.279	147	3.720	15.734
	2021			2022			2023		
	Galicia	España	UE27	Galicia	España	UE27	Galicia	España	UE27
Poboación activa	1.229	23.289	214.484	1.241	23.488	216.899	1.250	24.251	218.920
Poboación ocupada	1.087	20.185	200.501	1.104	20.464	203.659	1.129	21.390	205.659
Poboación desempregada	142	3.104	13.983	137	3.024	13.240	121	2.861	13.261

Datos en miles.
Datos do cuarto trimestre de cada ano. Fonte: INE (EPA) e Eurostat.

4.3. POBOACIÓN ACTIVA E TAXA DE ACTIVIDADE

4.3.1. Poboación activa

O **cadro 4.15** resume o comportamento en valor absoluto, porcentaxe e variacións da poboación activa por CC.AA. para o período 2015-2023:

- A poboación activa galega no cuarto trimestre de 2023 totalizou 1.254.000 persoas, 18.000 máis que no mesmo período do ano anterior.

POBOACIÓN E MERCADO DE TRABALLO

ÍNDICE

- A participación de Galicia na poboación activa de España en 2023 e do 5,2%, baixando lixeiramente respecto a 2022, cun 5,3%.
- Na desagregación rexional a poboación activa subiu en dezaseis CC.AA e cidades autónomas, e fíxoo con especial intensidade, respecto do ano anterior, en Canarias (4,6%), Cataluña (4,5%), Madrid (2,9%) e Comunidade Valenciana (2,7%). En Galicia o aumento da poboación activa (1,4%) foi inferior a media nacional (2,5%).

No seu conxunto, o ano 2023 amosa unha tendencia xeral de crecemento da poboación activa en España, con aumentos notables en varias comunidades autónomas. Galicia tamén rexistrou un incremento, aínda que por debaixo da media nacional, reflectindo un contexto de recuperación moderada no mercado laboral galego.

CADRO 4.15. POBOACIÓN ACTIVA POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS.
2015-2023

	Miles									Distribución porcentual								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	4.018	3.966	3.932	3.925	3.960	3.990	4.072	4.026	4.116	17,6	17,4	17,3	17,2	17,1	17,3	17,5	17,1	17,1
Aragón	642	649	638	649	656	649	647	645	661	2,8	2,9	2,8	2,8	2,8	2,8	2,8	2,7	2,7
Asturias	471	461	455	448	451	445	441	446	452	2,1	2,0	2,0	2,0	1,9	1,9	1,9	1,9	1,9
Baleares	604	594	596	624	633	634	631	641	656	2,6	2,6	2,6	2,7	2,7	2,7	2,7	2,7	2,7
Canarias	1.110	1.100	1.118	1.142	1.158	1.107	1.157	1.160	1.213	4,9	4,8	4,9	5,0	5,0	4,8	5,0	4,9	5,0
Cantabria	275	277	275	268	276	269	274	272	277	1,2	1,2	1,2	1,2	1,2	1,2	1,2	1,2	1,1
Castela e León	1.145	1.142	1.119	1.116	1.131	1.105	1.103	1.113	1.116	5,0	5,0	4,9	4,9	4,9	4,8	4,7	4,7	4,6
Castela-A Mancha	989	989	996	990	988	995	1.003	1.020	1.018	4,3	4,3	4,4	4,3	4,3	4,3	4,3	4,3	4,2
Cataluña	3.771	3.761	3.795	3.843	3.884	3.879	3.894	3.906	4.083	16,5	16,5	16,7	16,8	16,8	16,8	16,7	16,6	17,0
C. Valenciana	2.426	2.441	2.446	2.407	2.453	2.432	2.472	2.566	2.634	10,6	10,7	10,7	10,5	10,6	10,5	10,6	10,9	10,9
Extremadura	501	499	493	496	498	491	489	493	496	2,2	2,2	2,2	2,2	2,1	2,1	2,1	2,1	2,1
Galicia	1.255	1.254	1.238	1.237	1.242	1.224	1.226	1.236	1.254	5,5	5,5	5,4	5,4	5,4	5,3	5,3	5,3	5,2
Madrid	3.409	3.350	3.394	3.432	3.527	3.548	3.533	3.608	3.715	14,9	14,7	14,9	15,0	15,2	15,4	15,2	15,4	15,4
Murcia	701	702	708	718	729	726	749	755	761	3,1	3,1	3,1	3,1	3,1	3,1	3,2	3,2	3,2
Navarra	306	308	310	317	316	315	320	326	328	1,3	1,4	1,4	1,4	1,4	1,4	1,4	1,4	1,4
País Vasco	1.027	1.028	1.024	1.029	1.027	1.022	1.045	1.039	1.064	4,5	4,5	4,5	4,5	4,4	4,4	4,5	4,4	4,4
A Ríoxa	154	152	153	155	156	157	158	159	158	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7	0,7
Ceuta	36	36	37	37	39	37	37	42	39	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
Melilla	35	37	38	39	37	41	40	37	38	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
España	22.874	22.746	22.765	22.869	23.159	23.064	23.289	23.488	24.077	100	100	100	100	100	100	100	100	100

	Variación anual																	
	Miles									%								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	44,1	-52,1	-33,4	-7,6	35,3	30,4	81,3	-45,5	90,3	1,1	-1,3	-0,8	-0,2	0,9	0,8	2,0	-1,1	2,2
Aragón	-2,2	6,6	-10,3	10,7	7,4	-7,2	-1,8	-2,8	16,1	-0,3	1,0	-1,6	1,7	1,1	-1,1	-0,3	-0,4	2,5
Asturias	-10,4	-10,2	-6,0	-6,7	3,0	-6,5	-4,2	4,9	6,7	-2,1	-2,2	-1,3	-1,5	0,7	-1,4	-0,9	1,1	1,5
Baleares	1,4	-10,8	2,0	28,7	8,6	0,9	-2,8	9,8	15,0	0,2	-1,8	0,3	4,8	1,4	0,1	-0,4	1,6	2,3
Canarias	-3,2	-10,1	18,0	23,3	16,1	-51,2	50,6	2,7	53,4	-0,3	-0,9	1,6	2,1	1,4	-4,4	4,6	0,2	4,6
Cantabria	-4,1	1,9	-1,9	-7,1	8,0	-6,4	4,7	-1,7	4,4	-1,5	0,7	-0,7	-2,6	3,0	-2,3	1,7	-0,6	1,6
Castela e León	-10,4	-3,3	-22,8	-3,3	14,7	-25,7	-2,4	10,1	3,4	-0,9	-0,3	-2,0	-0,3	1,3	-2,3	-0,2	0,9	0,3
Castela-A Mancha	-15,3	0,6	6,4	-5,6	-2,2	7,1	8,4	16,3	-1,3	-1,5	0,1	0,6	-0,6	-0,2	0,7	0,8	1,6	-0,1
Cataluña	-33,7	-9,4	34,3	47,1	41,4	-5,4	15,1	12,6	176,7	-0,9	-0,2	0,9	1,2	1,1	-0,1	0,4	0,3	4,5
C. Valenciana	-37,1	15,2	4,6	-39,1	46,4	-21,2	39,7	94,1	68,1	-1,5	0,6	0,2	-1,6	1,9	-0,9	1,6	3,8	2,7
Extremadura	0,2	-1,2	-6,1	2,3	2,3	-6,7	-1,8	3,5	2,8	0,0	-0,2	-1,2	0,5	0,5	-1,3	-0,4	0,7	0,6
Galicia	-19,2	-1,4	-15,9	-0,9	4,7	-18,2	2,9	9,5	17,8	-1,5	-0,1	-1,3	-0,1	0,4	-1,5	0,2	0,8	1,4
Madrid	49,4	-58,6	43,6	38,3	95,1	20,6	-14,4	75,1	106,3	1,5	-1,7	1,3	1,1	2,8	0,6	-0,4	2,1	2,9
Murcia	-2,9	0,8	6,3	10,0	10,9	-3,4	22,7	6,0	6,5	-0,4	0,1	0,9	1,4	1,5	-0,5	3,1	0,8	0,9
Navarra	0,4	2,5	1,9	6,4	-0,3	-1,1	4,5	6,3	2,5	0,1	0,8	0,6	2,1	-0,1	-0,3	1,4	2,0	0,8
País Vasco	3,3	0,9	-4,1	5,1	-2,7	-4,7	23,2	-5,8	25,1	0,3	0,1	-0,4	0,5	-0,3	-0,5	2,3	-0,6	2,4
A Ríoxa	-3,4	-1,4	0,5	1,9	1,3	1,2	0,3	1,4	-1,3	-2,2	-0,9	0,3	1,2	0,8	0,8	0,2	0,9	-0,8
Ceuta	1,1	-0,3	1,4	-0,8	2,1	-1,7	-0,2	5,3	-3,2	2,9	-0,8	3,9	-2,1	5,8	-4,4	-0,5	14,4	-7,6
Melilla	-1,9	2,6	0,8	1,0	-2,3	4,4	-0,9	-2,9	0,4	-5,2	7,5	2,2	2,6	-5,9	12,0	-2,2	-7,2	1,1
España	-44,1	-127,8	19,1	103,8	290,0	-94,7	224,7	199,0	589,6	-0,2	-0,6	0,1	0,5	1,3	-0,4	1,0	0,9	2,5

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de cada ano.

4.3.2. Taxa de actividade

O **cadro 4.16** recolle os valores do cuarto trimestre da taxa de actividade da poboación de 16 a 64 anos nas distintas CC.AA. e cidades autónomas entre 2015 e 2023. Cómpre indicar que a Enquisa de poboación activa (EPA) xa incorpora na súas estimacións dende o primeiro trimestre de 2021 ao cuarto trimestre de 2023, as cifras do Censo de Poboación e Vivendas de 2021. Este cambio de base poboacional consiste en incorporar e actualizar as series de poboación en vivendas derivadas do Censo de Poboación e Vivendas de 2021, na das que se viñan aplicando ata o momento, baseadas no censo de 2011. Isto provocou a revisión dos factores de elevación da enquisa, obtidos a partir das citadas poboacións, dende o primeiro trimestre de 2021. En consecuencia, as cifras derivadas da EPA non coinciden coas publicadas outros anos neste informe. Nesta nova edición utilízanse as cifras recalculadas polo INE.

- En Galicia foi do 52,9% en 2023, 0,4 puntos máis que en 2022 e 5,9 puntos porcentuais por baixo da taxa estatal (58,5%). A taxa media estatal en 2023 aumentou en 0,43 puntos respecto de 2022.
- A taxa de actividade baixou en Ceuta, A Ríoxa, Castela e León, Murcia, Navarra e Castela-A Mancha. En Galicia experimentou unha suba do 0,36%.
- Madrid (63,2%), Cataluña (62,0%), Baleares (60,9%) e Canarias (60,6%) tiveron en 2023 as taxas máis altas, mentres que as máis baixas foron en Asturias (50,1%) e Galicia (52,9%).

CADRO 4.16. TAXAS DE ACTIVIDADE DA POBOACIÓN. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS. 2015-2023

	Taxa de actividade									Variación da taxa en puntos porcentuais							
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	58,4	57,5	56,9	56,6	56,6	56,7	57,6	56,4	56,9	-0,93	-0,53	-0,34	0,03	0,06	0,91	-1,23	0,57
Aragón	58,6	59,2	58,5	59,1	59,3	58,4	58,7	58,4	59,0	0,61	-0,74	0,65	0,20	-0,90	0,27	-0,28	0,64
Asturias	51,8	50,9	50,7	50,3	50,8	50,2	49,8	49,7	50,1	-0,90	-0,23	-0,40	0,50	-0,59	-0,43	-0,01	0,31
Baleares	64,3	62,5	61,6	62,9	62,4	61,8	61,3	60,9	60,9	-1,84	-0,91	1,29	-0,51	-0,58	-0,53	-0,40	0,07
Canarias	61,8	60,9	60,9	61,0	60,7	57,4	59,5	59,1	60,6	-0,90	-0,01	0,04	-0,31	-3,22	2,10	-0,43	1,45
Cantabria	55,8	56,2	55,9	54,3	55,7	54,1	55,0	54,2	54,5	0,43	-0,35	-1,56	1,44	-1,61	0,84	-0,81	0,30
C. A Mancha	54,9	55,0	54,4	54,5	55,3	54,2	53,5	54,1	53,9	0,12	-0,58	0,09	0,84	-1,12	-0,67	0,51	-0,14
C. León	58,7	58,8	59,5	59,1	58,5	58,6	58,4	58,9	57,9	0,16	0,66	-0,44	-0,52	0,05	-0,17	0,51	-1,08
Cataluña	62,0	61,6	61,7	61,7	61,6	61,2	61,2	60,7	62,0	-0,40	0,08	-0,05	-0,10	-0,41	0,03	-0,48	1,26
C. Valenciana	59,2	59,5	59,3	58,1	58,5	57,6	58,2	59,4	59,5	0,31	-0,20	-1,23	0,42	-0,93	0,62	1,23	0,09
Extremadura	55,0	54,9	54,8	55,3	55,7	54,9	54,5	54,9	55,3	-0,03	-0,16	0,52	0,37	-0,74	-0,38	0,33	0,40
Galicia	53,3	53,4	53,0	53,0	53,1	52,3	52,3	52,5	52,9	0,04	-0,39	0,01	0,14	-0,83	0,03	0,21	0,36
Madrid	64,8	63,2	63,3	62,9	63,4	63,3	63,0	63,2	63,2	-1,57	0,14	-0,38	0,46	-0,07	-0,31	0,13	0,04
Murcia	59,3	59,1	59,3	59,6	59,6	58,8	59,8	59,6	59,3	-0,23	0,26	0,22	0,08	-0,83	1,03	-0,27	-0,31
Navarra	58,7	58,9	58,9	59,3	58,6	58,1	58,5	59,1	58,8	0,24	-0,06	0,48	-0,69	-0,57	0,41	0,66	-0,30
País Vasco	56,8	56,7	56,3	56,4	55,8	55,5	57,1	56,5	57,3	-0,10	-0,34	0,03	-0,55	-0,30	1,56	-0,60	0,84
A Ríoxa	59,4	58,8	58,9	59,3	59,2	59,4	59,6	59,4	58,1	-0,58	0,12	0,39	-0,12	0,22	0,21	-0,24	-1,28
Ceuta	55,9	55,3	57,0	55,4	58,8	56,1	55,9	62,2	59,9	-0,60	1,66	-1,55	3,42	-2,77	-0,18	6,31	-2,29
Melilla	55,8	59,9	60,7	62,0	58,1	65,5	61,9	55,2	56,3	4,07	0,87	1,31	-3,95	7,46	-3,66	-6,66	1,08
España	59,4	59,0	58,8	58,6	58,7	58,2	58,5	58,4	58,8	-0,48	-0,15	-0,19	0,13	-0,55	0,34	-0,13	0,43

Da poboación de 16 a 64 anos.
Fonte: INE, EPA 4º trimestre de cada ano.

En derradeiro lugar, o **cadro 4.17** diferencia por sexos a taxa de actividade por CC.AA. e do total español para o período 2015-2023. En Galicia, a taxa de actividade dos homes en 2023 foi do 61,1%, cun aumento de 5,01 puntos porcentuais respecto a 2022. Este incremento é notable, xa que a tendencia xeral noutras comunidades non mostra subidas tan pronunciadas. A nivel estatal, a taxa de actividade dos homes en 2023 foi do 60,5%, o que representa unha diminución de 3,25 puntos porcentuais en comparación con 2022, contrastando co incremento observado en Galicia. No que se refire ás mulleres, a súa taxa de actividade en 2023 foi do 49,6%, cun aumento de 0,31 puntos porcentuais respecto ao ano anterior. En España, a taxa de actividade das mulleres baixou 1,44 puntos porcentuais respecto a 2022.

POBOACIÓN E MERCADO DE TRABALLO

ÍNDICE

Obsérvase tamén que a taxa de actividade masculina en Galicia (61,1%) é lixeiramente superior á media española (60,5%), mentres que a feminina (49,6%) está por debaixo da media (52,0%). A pesar do incremento observado en 2023, Galicia aínda mostra unha menor participación feminina no mercado laboral en comparación coa media estatal.

CADRO 4.17. TAXA DE ACTIVIDADE. POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS E SEXO.
2015-2023

	Taxa de actividade									Variación da taxa en puntos porcentuais								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
	HOMES																	
Andalucía	65,0	64,6	64,0	64,0	63,3	63,5	63,7	62,2	63,8	0,82	-0,42	-0,65	0,01	-0,65	0,14	0,26	-1,50	1,57
Aragón	64,9	65,3	64,4	65,0	65,2	63,5	63,4	63,9	62,6	0,81	0,45	-0,97	0,64	0,17	-1,72	-0,10	0,59	-1,30
Asturias	55,8	55,7	54,9	54,2	55,0	54,7	55,3	54,1	63,3	-0,79	-0,15	-0,75	-0,74	0,82	-0,27	0,57	-1,21	9,21
Baleares	69,2	67,6	67,6	68,9	67,9	66,2	64,7	66,7	53,4	-1,28	-1,64	0,07	1,28	-1,03	-1,73	-1,41	1,97	-13,32
Canarias	68,4	65,7	65,6	65,8	65,7	61,1	63,6	64,8	66,2	-0,77	-2,70	-0,06	0,19	-0,14	-4,53	2,47	1,23	1,40
Cantabria	61,8	61,7	61,0	61,3	60,7	58,7	61,4	58,6	64,9	-0,25	-0,10	-0,68	0,27	-0,59	-1,99	2,68	-2,75	6,27
Castela-A Mancha	60,9	61,1	60,2	60,5	60,9	59,4	58,9	58,9	59,0	0,65	0,15	-0,86	0,29	0,44	-1,56	-0,43	0,00	0,07
Castela e León	65,6	66,6	66,7	65,9	65,2	65,3	65,3	65,8	59,1	-0,79	0,94	0,11	-0,74	-0,76	0,12	0,00	0,51	-6,72
Cataluña	67,6	66,8	67,0	66,8	66,5	65,7	65,5	65,6	64,3	-0,12	-0,77	0,15	-0,17	-0,33	-0,81	-0,19	0,15	-1,37
C. Valenciana	65,1	64,6	65,1	64,4	64,7	62,6	63,8	65,0	66,7	0,14	-0,47	0,50	-0,66	0,29	-2,07	1,13	1,20	1,71
Extremadura	62,5	62,3	62,2	62,1	62,1	59,8	61,5	60,8	64,3	2,02	-0,16	-0,14	-0,03	0,00	-2,36	1,73	-0,76	3,58
Galicia	58,2	58,4	57,6	57,4	57,6	56,9	57,0	56,1	61,1	-0,15	0,21	-0,84	-0,14	0,16	-0,67	0,13	-0,93	5,01
Madrid	70,1	68,5	68,2	68,3	68,1	67,6	68,1	67,6	57,1	1,20	-1,65	-0,23	0,05	-0,24	-0,43	0,45	-0,48	-10,54
Murcia	67,1	66,4	66,7	66,4	66,7	66,2	67,6	66,6	67,6	-0,24	-0,69	0,31	-0,31	0,29	-0,52	1,41	-1,02	1,08
Navarra	63,1	63,7	63,8	62,9	63,3	62,7	63,0	64,4	66,0	0,37	0,63	0,15	-0,94	0,39	-0,56	0,23	1,42	1,59
País Vasco	62,3	62,6	61,8	61,0	59,8	59,2	61,3	62,5	63,3	0,23	0,29	-0,77	-0,84	-1,19	-0,59	2,06	1,28	0,78
A Ríoxa	66,3	64,3	65,1	63,4	63,6	64,4	64,0	64,8	61,7	-0,04	-2,01	0,72	-1,64	0,19	0,84	-0,44	0,77	-3,11
Ceuta	67,2	63,7	64,7	63,9	68,4	62,6	61,9	67,5	63,9	2,34	-3,52	0,99	-0,83	4,52	-5,82	-0,67	5,64	-3,69
Melilla	67,2	71,1	70,5	69,5	63,6	72,9	67,9	62,9	63,2	-6,44	3,87	-0,60	-1,03	-5,86	9,31	-5,05	-4,93	0,27
España	65,4	64,8	64,6	64,5	64,2	63,3	63,8	63,7	60,5	0,28	-0,57	-0,23	-0,12	-0,21	-0,94	0,49	-0,09	-3,25

	Taxa de actividade									Variación da taxa en puntos porcentuais								
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Andalucía	52,0	50,6	50,2	49,5	50,2	50,2	51,8	50,8	54,2	0,69	-1,43	-0,40	-0,67	0,70	-0,02	1,53	-0,96	3,36
Aragón	52,5	53,3	52,8	53,4	53,7	53,5	54,2	53,1	51,5	-0,31	0,80	-0,52	0,68	0,22	-0,12	0,61	-1,08	-1,56
Asturias	48,2	46,6	46,9	46,8	47,0	46,1	44,8	45,9	54,9	0,76	-1,56	0,23	-0,08	0,21	-0,89	-1,29	1,07	9,07
Baleares	59,6	57,5	55,7	56,9	56,9	57,5	57,9	55,2	47,1	1,14	-2,02	-1,89	1,29	-0,01	0,56	0,36	-2,70	-8,10
Canarias	55,5	56,3	56,4	56,3	55,8	53,9	55,6	53,6	55,8	-0,22	0,85	0,05	-0,09	-0,48	-1,94	1,77	-2,02	2,14
Cantabria	50,1	51,1	51,0	47,8	51,1	49,9	49,0	50,0	56,4	-0,71	0,94	-0,03	-3,26	3,35	-1,26	-0,85	1,01	6,36
Castela-A Mancha	49,0	49,1	48,8	48,7	49,9	49,2	48,3	49,4	50,2	0,29	0,09	-0,31	-0,09	1,23	-0,71	-0,87	1,03	0,87
Castela e León	51,7	51,1	52,3	52,2	51,9	51,9	51,6	52,1	49,0	-0,12	-0,63	1,23	-0,14	-0,27	-0,04	-0,29	0,52	-3,15
